

"Maruja Mallo creou un mundo que vén de Galicia"

O estudioso vigués presentou onte o seu libro "Maruja Mallo, a pintura da nova Muller"

Carlos Bernárdez e Marcela Santorum na presentación. // A. Irago



Sara Comesaña - VIGO

- Que podemos atopar entre as capas de "Maruja Mallo, unha nova pintura da Muller"?

"É un estudo sobre o traballo de Maruja Mallo, seguindo as súas etapas pictóricas. Non é unha biografía, trata sobre os seus aspectos plásticos, valorándoa desde o plano da súa pintura. Fai referencia tamén ao contexto de movementos internacionais, ao español, ao galego e ao americano, do momento en que desenvolveu o seu traballo. Todo a partir do punto de vista dun historiador de arte, por suposto.

- Por que escolleu este título para o libro?

-O título fai referencia a que no momento inicial da obra de Maruja Mallo non había moitas mulleres na escena artística. "Nova Muller" está relacionado coa percepción que había do feminino naquela altura. Maruja Mallo atribuíulle grande importancia á figura da muller, retratando a mulleres que protagonizan a súa vida, mulleres activas. Non hai máis que pararse en obras súas ben coñecidas como "A muller da cabra" ou "As verbenas", nas que retrata figuras femininas.

- Por que esperta tanto interese en vostede a vida e obra de Maruja Mallo?

-Interésame como profesional da arte que son. Hai cinco anos fun comisario dunha exposición da que formaban parte obras de Maruja Mallo ("Diáspora. Dez artistas galegos no exilio latinoamericano", MARCO e Fundación Luís Seoane), e a partir dese momento no que estiven en contacto coa súa pintura, ofreceume algúns aspectos interesantes de analizar.

-Alén diso, a artista mantiña unha estreita relación con Galicia ...

Era galega, pasou a súa infancia en Galicia e a súa nai era de Vigo. Logo pasou a maior parte da súa vida no Madrid nos anos 20 e da República, pero sempre tivo presente Galicia. En realidade, cando comezou a Guerra Civil, estaba pasando o verán aquí, e aquí ficou coa esperanza de fuxir desde Portugal para a Arxentina. O seu coñecido caderno de debuxos realizouno en Bueu, e nel retratou, especialmente os aspectos da vida mariñeira: redes, peixes. Ceou todo un mundo que vén de Galicia. Despois, no exilio mantivo as súas conexións con artistas galegos como Luís Seoane ou escritores como Rafael Dieste.

- Pensa que merece máis recoñecemento?

O seu traballo está a ser recuperado, quizais falta unha grande mostra sobre ela e colocala na pintura dos anos 20 e 30. O traballo de investigación está progresando neste camiño.

FARO DE VIGO, sexta feira, 24 de setembro de 2010